



EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO
ÁREA DE CULTURA
CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO

ANUNCIO

Bases do programa “ARTESANÍA EN CURSO”, ano 2016 de solicitudes de cursos, obradoiros e demostracións por parte de concellos e asociacións sen ánimo de lucro e ANPAS, e dos modelos de solicitude aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo na súa sesión do día 27 de maio de 2016.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “ARTESANÍA EN CURSO” ano 2016

A Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico, a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba o amplo concepto de “artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

A Área de Cultura da Deputación de Lugo, a través do Centro de Artesanía e Deseño, promove así o programa “Artesanía en curso” ano 2016, na liña de promover o achegamento da poboación en xeral a actividades relacionadas coa artesanía dentro das súas múltiples perspectivas, dirixido a asociacións sen ánimo de lucro, concellos e ANPAS que poderán solicitar acollérense a este programa.

BASES

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a regulación do procedemento de participación de concellos, ANPAS e entidades sen ánimo de lucro, para se acolleren ao programa “Artesanía en curso”, ano 2016 do Centrad da Área de Cultura da Deputación de Lugo, de cursos, obradoiros e *demostracións no campo da artesanía dentro do programa anual de actividades do Centrad.

*Demostración: no ámbito destas bases, aquela actividade ou acción a desenvolver en feiras, festas e outros eventos públicos, destinada a promover a percepción por parte do público en xeral dun determinado labor artesanal, dos materiais utilizados e de calquera outro elemento vinculado a esa disciplina.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS

Este programa vai dirixido tanto aos concellos da provincia como aquelas entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas, e que teñan entre as súas finalidades a



promoción da cultura e a artesanía, no ámbito xeográfico da provincia de Lugo. Do mesmo xeito, ábrese este programa a asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPAS) da provincia de Lugo, que poderán solicitar accións para acollerse a este programa, nas condicións específicas establecidas nas presentes bases.

Quedan excluídos deste programa os concellos maiores de 20.000 habitantes.

Os obradoiros, cursos e demostracións deberán estar abertos a toda a poboación.

Quedan así mesmo excluídos deste programa, aquelas asociacións de carácter relixioso, político, militar, e en xeral, que sexan corporativas restritivas, dado que o seu fin non é a promoción da actuación para a poboación xeral, senón exclusivamente entre o colectivo dos seus asociados/as e das súas familias (dado que non se trata de asociacións e colectivos abertos a poboación en xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto).

Así mesmo e de acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, quedan excluídas do programa aquelas actividades e actuacións que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

TERCEIRA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de participación no programa “Artesanía en curso” ano 2016 presentaranse no Rexistro xeral da Deputación de Lugo ou a través de calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En caso de se enviar a solicitude por correo postal (ao Rexistro da Deputación), este deberá ser certificada co selo de Correos no formulario de solicitude para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes.

Prazo de presentación.

Tendo en conta o tipo de actividade e os obxectivos da actuación, e co obxectivo de regular a xestión do programa, establécense os seguintes prazos de presentación de solicitudes de participación:

LIÑA A)- Cursos e obradoiros: **20 días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación das presentes Bases no BOP.

LIÑA B)- Demostracións en feiras e noutro tipo de eventos: durante o período comprendido entre o día seguinte á publicación das presentes Bases no BOP e o 30 de novembro do 2016.

CUARTA. DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán formular seguindo o modelo que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, na sede do Centrad ou na súa páxina web (www.centrad.org)

Deberanse cubrir todos os apartados da solicitude co fin de acreditar os fins, características, lugar de celebración e aceptación por parte dos solicitantes dos compromisos inherentes á solicitude.



A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Copia do DNI do alcalde/alcaldesa-presidente, ou do presidente/a da entidade sen ánimo de lucro ou ANPA.
- No caso de entidades sen ánimo de lucro e ANPAS, copia dos estatutos nos que se acredite a cobertura da actuación solicitada dentro dos seus obxectivos e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros de cobertura da actividade. Esta copia deberá achegarse no momento de comunicación do curso, obradoiro ou demostración e en todo caso con 2 días de antelación á data de realización da actividade prevista.
- Declaración responsábel de asunción por parte dos solicitantes das obrigas establecidas nestas bases e da asunción por parte do/da solicitante das responsabilidades con terceiros.

- Con posterioridade ao desenvolvemento da actividade deberán achegar declaración responsable da súa realización nas condicións establecidas nestas Bases.

Así mesmo, en aplicación da lexislación vixente de cumprimento das obrigas das administracións públicas galegas de fomento e normalización do idioma galego, toda a documentación e comunicacións, publicacións e publicidade e calquera outra acción relativa ao desenvolvemento das actividades reflectidas nestas Bases e ao trámite das respectivas solicitudes realizarase en lingua galega.

QUINTA. OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Velar polo correcto desenvolvemento da actividade.

Promover o uso do idioma galego, utilizándoo nos carteis anunciadores e en toda a promoción, comunicacións e publicidade que se faga da actividade.

Propiciar a extensión da acción, publicitando a actividade e distribuindo carteis anunciadores de que a actividade pertence ao Programa “Artesanía en curso” ANO 2016 Centrad-Área de Cultura da Deputación de Lugo.

En toda a publicidade que se faga do evento deberá aparecer o logo do Centrad-Área de Cultura da Deputación de Lugo (cuñas radiofónicas, anuncios prensa, cartelería...). O Centrad-Área de Cultura poderá, se o considera necesario, solicitar a xustificación da devandita publicidade ou de calquera outra circunstancia da actividade.

Nomear unha persoa responsábel que se faga cargo da promoción do evento e do óptimo desenvolvemento da actividade.

Asumir todas as responsabilidades derivadas da realización e desenvolvemento da actividade.

Deberán poñerse en contacto co Centrad de xurdir calquera tipo de inconveniente que non permita levar a cabo a actuación.

Os concellos, asociacións sen ánimo de lucro ou ANPAS acollidos ao programa non poderán cobrar ningunha cota pola participación individual de cada persoa na actividade.

Achegar a documentación reflectida nestas Bases e calquera outra que se lles solicite para a acreditación das circunstancias da solicitude e realización da actividade.

SEXTA. CONDICIÓN DO PROGRAMA E OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

O Centrad como organizador do programa “Artesanía en curso” ANO 2016, proporcionará o persoal de docencia e didáctica para a impartición da acción ou demostración e por tanto, atenderá a petición de concellos e entidades sen ánimo de lucro solicitantes e ANPAS, única e exclusivamente, no que se refire ao “monitor/a” do curso, obradoiro ou demostración, respectando, en todo caso, e na medida do posible as preferencias reflectidas na solicitude de participación.



As solicitudes presentadas iranse atendendo por orde de recepción de rexistro e ata esgotar o orzamento previsto en cada anualidade.

Ningún solicitante poderá optar a máis de dous cursos, obradoiros ou demostracións en cada anualidade e de acordo co establecido na base oitava destas bases.

Para levar a cabo calquera curso ou obradoiro será necesario que contén cun mínimo de 10 persoas participantes, que no caso das solicitudes de Concellos e entidades sen ánimo de lucro deberán ser maiores de idade.

*De esta última condición (maioría de idade) quedan excluídas as solicitudes formuladas polas ANPAS, que asumen expresamente a solicitude e consecución dos permisos que fosen precisos para a realización da actividade, tanto por parte de nais e pais ou titores, como da administración educativa, e asumen as responsabilidades derivadas do incumprimento de calquera das circunstancias vinculadas ao desenvolvemento e realización da actividade solicitada e así mesmo aqueles outros derivados do tratamento de datos persoais de menores de idade, e en consecuencia a Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade a este respecto.

Polas características da “demostración”, non se esixirá un número mínimo de participantes.

De non se chegar ao mínimo indicado de participantes, a entidade ou concello solicitante, deberá poñerse en contacto coa responsable do programa do Centrad, para proceder á anulación do curso, mediante a presentación da correspondente solicitude, ou no seu caso e dadas as características poboacionais e de territorio de Lugo, poder excepcional tal condicionante, de se acreditaren suficientemente por parte do solicitante as circunstancias e causalidades que impedisen alcanzar o devandito número mínimo, e co correspondente visto e prace do Centrad.

A entidade solicitante comprométese a que o local de celebración da actividade cumpra cos requisitos necesarios para o desenvolvemento do curso ou obradoiro.

O Centrad e a Deputación de Lugo quedan eximidas de calquera responsabilidade derivada da celebración e desenvolvemento do curso, obradoiro ou demostración acollida ao presente programa “Artesanía en curso”.

A entidade ou concello solicitante, ao se adherir a este programa, autoriza á Deputación a publicar os datos relativos ao curso ou obradoiro ou demostración, co fin de difundilos a través da páxina web co mesmo fin.

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros inscritos na Axencia Española de Protección de Datos, cuxa finalidade é conter os datos das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación.

Así mesmo, as entidades ou concellos participantes autorizan a obtención das imaxes das instalacións nos que se levará a cabo a acción, á fin de poder verificar, no seu caso, que o local recolle as condicións óptimas para o correcto desenvolvemento do obradoiro.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, o solicitante comprométese a velar para que no desenvolvemento dos cursos ou obradoiros non se dean accións, actitudes ou comportamentos sexistas ou que tácita ou implicitamente se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten a desigualdade de xénero ou a violencia de xénero.

A Área de Cultura a través do Centrad resérvase o dereito de anular ou cancelar a participación no programa da entidade ou concello solicitante de se acreditar o incumprimento dalgunha das condicións establecidas nas presentes bases.

En todo caso, á hora de realizaren as solicitudes, tanto concellos como asociacións sen ánimo de lucro e ANPAS deberán ter en conta as necesidades de local, materiais e tipoloxía do curso ou obradoiro e tipoloxía dos participantes.



O Centrad resérvase o dereito de analizar as circunstancias anteriores e denegar a solicitude de participación formulada de considerar non acaída a solicitude de tipo de curso ou obradoiro presentada ás características do local, dos materiais a usar e do perfil dos e das participantes.

LIÑA A) A tipoloxía dos cursos ou obradoiros ofertados é a que a seguir se indica:

- Monicreques
- Coiro
- Tear alto lizo
- Macramé
- Xoiería en arxila polimérica
- Cestería
- Cestería de reciclaxe
- Personalización de álbums de fotos (scrapbooking)
- Arranxa as túas prendas
- Realización de mantas, colchas,...con retallos e trapos (*patch-work*)
- Tapizaría
- Carpintaría
- Talla
- Ebanistería
- Torno
- Traxe tradicional
- Instrumentos musicais
- Encadernación
- Confección e patronaxe (en téxtil)
- Olaría
- Forxa
- Cantería
- Fotografía
- Barro
- Tear

LIÑA B) A tipoloxía das “demostracións” ofertadas é a que a seguir se indica:

- Coiro
- Olaría
- Cestería
- Cantaría
- Forxa
- Talla de madeira
- Teares alto lizo

Tanto no caso de cursos e obradoiros como demostracións, poderá tramitarse calquera outra solicitude de actividade de distinta tipoloxía das enunciadas, de existir crédito suficiente e de se acreditaren a xuízo do Centrad as circunstancias da referida solicitude, e no seu caso, sempre que se poida desenvolver en función das características da actuación e das necesidades de medios materiais e humanos precisos.

SÉTIMA. PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN E COMUNICACIÓN



Analizadas as solicitudes de participación presentadas para os efectos de cumprimento das condicións establecidas nas presentes Bases, procederase a tramitar e resolver o procedemento correspondente á contratación da docencia de cada unha das respectivas accións e de acordo ao orzamento asignado a cada liña de acción.

Unha vez resolto mediante o correspondente decreto o respectivo nomeamento docente do curso, obradoiro ou demostración, o Centrad procederá a comunicarlles aos solicitantes de participación no programa “Artesanía en curso” 2016, a súa inclusión na listaxe do programa, de acordo coas condicións establecidas nas presentes bases.

Dado que polo obxecto e a finalidade da actuación, non resulta necesario realizar a comparación e a prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, terase en conta o rexistro de entrada das solicitudes. Tales solicitudes deberán estar debidamente cubertas e achegar a documentación esixida no prazo estipulado.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida requirirase á entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se non o fixer, considerárase desistida da súa petición, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da LRJPAC.

OITAVA. ORZAMENTO

A contía consignada para o programa “Artesanía en curso” para a anualidade 2016 é de trinta e cinco mil euros (35.000,00 €), dividida nas seguintes liñas e sen prexuízo de que se poida ampliar o crédito, sempre que exista consignación orzamentaria.

- Liña A) Cursos e obradoiros para solicitudes de asociacións sen ánimo de lucro, concellos e ANPAS: 22.000,00 € (vintedous mil euros)

- Liña B) Demostracións: 13.000,00 € (trece mil euros)

No suposto de que os cursos, obradoiros ou demostracións solicitadas superasen o número potencialmente cuberto na partida orzamentaria prevista, permanecerán na lista de espera da anualidade correspondente e que terá vixencia exclusiva durante a referida anualidade, para os efectos de que se producise renuncia ou anulación.

NOVENA. CONTACTO

Para as posibles consultas relacionadas con este tema está dispoñible o seguinte enderezo de correo electrónico formacion.centrad@deputacionlugo.org

Lugo, 30 de maio de 2016

O Presidente

Darío Campos Conde

O secretario xeral

Manuel Castiñeira Castiñeira



INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA “ARTESANÍA EN CURSO” 2016

D./D^a _____
DNI nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____,
teléfono de contacto (fixo) _____, (móbil) _____ e correo electrónico _____, e na condición de representante de _____

SOLICITO acollerme ao programa “Artesanía en curso” 2016 para o desenvolvemento de

LIÑA A) CURSO
 OBRADOIRO

LIÑA B) DEMOSTRACIÓN

Indique data prevista, lugar, duración e horario previsto

Lugo, _____ de _____ 20 _____

É obrigatorio achegar:

- *Copia do DNI do alcalde/alcaldesa-presidente, ou do presidente/a da entidade sen ánimo de lucro ou ANPA.*
- *No caso de entidades sen ánimo de lucro e ANPAS, copia dos estatutos.*
- *Declaración responsábel de asunción por parte dos solicitantes das obrigas establecidas nestas bases e da asunción por parte do/da solicitante das responsabilidades con terceiros.*



COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DO PROGRAMA “ARTESANÍA EN CURSO” 2016

D./D^a _____
DNI nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en _____
no Concello de _____ e teléfono de contacto _____ e correo electrónico _____ na condición de representante (nome da Asociación/Concello/ANPA) _____
_____.

FAGO CONSTAR:

Que se o Concello/asociación/ANPA que represento accede ao curso/obradoiro/demostración do programa “Artesanía en curso” 2016 faremos fronte ás obrigas derivadas da nosa participación neste programa, e que asumimos todas as responsabilidades derivadas da súa realización e desenvolvemento ou de calquera eventualidade referida á materialización da actividade.

E para que así conste, asino en _____ a _____ de 20__

O ALCALDE-PRESIDENTE/A

O/A PRESIDENTE/A

Asdo:



SOLICITUDE DATOS PROGRAMA "ARTESANÍA EN CURSO" 2016

LIÑA A) CURSO OBRADOIRO	
LIÑA B) DEMOSTRACIÓN:	
CONCELLO:	
CONCELLO/ASOCIACIÓN/ANPA (no seu caso):	
NOME DO PRESIDENTE/PRESIDENTA REPRESENTANTE (no seu caso) :	
PERSOA DE CONTACTO:	
ENDEREZO:	
CP:	
TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:
CORREO ELECTRÓNICO:	
NIF/CIF:	NIF DO REPRESENTANTE:
LOCAL/ESPAZO E CARACTERÍSTICAS:	
DURACIÓN:	
HORARIO:	
OBSERVACIÓNS	

..... ade de 2016

Asdo: O ALCALDE-PRESIDENTE/A

O/A PRESIDENTE



DECLARACIÓN XURADA PROGRAMA “ARTESANÍA EN CURSO” 2016

Don/ dona, con DNIcomo
.....da asociación/Concello/ANPA
.....

con CIF, declara que conta cos seguros e/ou asume a
contratación do seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros pertinente para a súa
participación no programa “Artesanía en Curso” 2016 e para o desenvolvemento do curso,
obradoiro ou demostración, e así mesmo que asume as responsabilidades derivadas do
incumprimento de calquera das circunstancias vinculadas ao desenvolvemento e realización da
actividade solicitada, segundo as bases do citado programa.

..... ade de 2016

O ALCALDE-PRESIDENTE/A

O/A PRESIDENTE

Asdo:



DECLARACIÓN XURADA PROGRAMA “ARTESANÍA EN CURSO” 2016 (ANPAS)

Don/ dona , con DNI
presidente da ANPA
con CIF , declara expresamente que contan cos permisos
precisos para a participación no programa “Artesanía en Curso” 2016 e no desenvolvemento da
actividade prevista, tanto por parte das respectivas nais e pais ou titores, como os que deberan
obter da administración educativa, e así mesmo calquera outro derivado do tratamento de datos
persoais e de imaxe de menores de idade.

..... ade de 2016

O PRESIDENTE/A

Asdo:



DECLARACIÓN RESPONSABLE REALIZACIÓN ACCIÓN PROGRAMA “ARTESANÍA EN CURSO” 2016

Don/ dona, con DNIcomo
.....da asociación/Concello/ANPA
.....

con CIF, declara que a acción prevista dentro da súa participación no programa “Artesanía en Curso” 2016 para o desenvolvemento do curso, obradoiro ou demostración,.....que se desenvolveu na súa totalidade en, o/os día/s..... e segundo as bases do citado programa.

..... ade de 2016

O ALCALDE-PRESIDENTE/A

O/A PRESIDENTE